

J. P. Sartre, *Critique de la raison pratique. Tome II (inachevé). L'intelligibilité de l'Histoire*, Paris: Gallimard, pp. 444-448.

[Exemplo de alteración e de unificación pola máquina: a aparición da radio-televisión]

- 1) Paro tecnolóxico: [por exemplo] tropa de ouveadores do Norte.
- 2) Serialización máis elevada de radio e tele.
- 3) Constitución de grupos restrinxidos –serialización dos grupos (dialéctica grupo-serie): 1º serialización do aparello (de tv); 2º necesidade económica: fanse grupos a) verdadeiros: amigos compran en común un aparello que depositan en casa dun deles; falsos: o café proxecta a visión diante de conxuntos sen unidade –mais sempre con posibilidades de unirse; 3) serialización dos grupos (todos collidos do brazo en democracia burguesa); reagrupamento posible (no nivel dunha política: De Gaulle acentúa a serialización, Castro fai o contrario, etc.). Porén, a este nivel, hai praxe concertada que dissolve a serialización. Por exemplo, chámase (ós grupos) á unidade. Sexa como for, a praxe disolvente límitase, ó cabo, a serializa-lo grupo na medida en que, á vez, agrupa a serie: este pequeno grupo intégrase na nación pola voz de Castro, mais é a xeito de grupo serial (hai outros milleiros de grupos). Cómpre, logo, unha festa, unha apocalipse ou unha axitación para comparar (un millón de persoas reunidas, etc.)
- 4) Na sociedade democrática burguesa a existencia dun conxunto de persoas que teñen tele é un enriquecemento cultural que causa un empobrecemento. Nun campo práctico retotalizador (en inmanencia) diríase, logo, que todo acrecentamento das posibilidades dun conxunto constitúese polo empobrecemento doutros grupos que están nese campo. Sería isto como dicir que na perpetua totalización en curso, o illamento dunha parte crea contradicción nese campo. Se hai unha minoría que ten tele aparece á vez colocándose no seo da totalidade, como representante do estado ó que a totalidade debe acceder. Se non se divisa ningunha fronteira práctica no campo, a solución dase sen verdadeira violencia: o campo organízase para que estea totalmente provisto de aparellos de televisión. O anterior non quere dicir que todos merquen un aparello de televisión, senón que se reagrupan para constituír grupos de compra, cotización, etc.). En relación co propietario, a igualdade substitúe á desigualdade, e é neste sentido no que cada un vería a tele. As diferenzas subsisten (pode ser máis cómodo ter tele propia –ou o contrario, está mellor regulada, mellor coidada, se é colectiva). En todo caso, estas desigualdades son secundarias e neglixibles en comparación co fin que se alcanza: asistir ó programa. Porén, poden por ó día (sen que isto se poña necesariamente en primeiro plano) os problemas de estrutura: apropiación colectiva, apropiación individual. Neste caso, os máis pobres fican abandonados ó seu destino. Anúnciase aquí o socialismo na medida en que é inducido. Deste xeito, atópase a desigualdade noutro plano. Se o conxunto é relativamente homoxéneo, o modo de apropiación ha de se-lo mesmo (pomos por caso: colectivo) e a iniciativa virá dun punto ou doutro do campo, mais despois ficará esquecida polos que a inspiraron: é inesencial. A restauración da totalidade (quere dicir, a nova totalización) anula a iniciativa primeira: esquecese. Se o conxunto é heteroxéneo, cun umbral infranqueable (os propietarios con moitos recursos, os pobres) o feito da totalización permanece, mais desta vez a contradicción é infranqueable (provisoriamente, mais quizais a longo prazo), a contradicción encarna, por exemplo, as diferenzas de clase ou, no interior dunha clase, de nivel (aristocracia obreira ou ben paga, Obreiros Especializados) que se encarna de maneiras moi distintas. Dito doutro xeito: a encarnación éo dunha contradicción. Os desfavorecidos empobrecense en comparanza cos favorecidos. E ese empobrecemento
  - 1) Vénlles de fóra para os calificar dicindo que son de fóra.
  - 2) Encarna dende a súa singularidade unha contradicción que estende a moitos outros sectores.
  - 3) Pero aumenta a tensión da contradicción
  - 4) Abastece os signos materiais e visibles (antenas sobre certos teitos e non sobre outros).

Campo práctico a xeito de espazo temporal. Tempo, límite do espazo. Espazo, límite do tempo. Escaseza do tempo: non hai tempo para todo. Riqueza: economía do tempo, chintófanos. Para unha

extensión determinada, o tempo é escaso. Escaso de máis para que a un llo fagan perder (Unidade dunha vida). Para un tempo determinado o espazo é o seu límite: o tempo depende na súa eficacia temporalizante do espazo contemplado (Brasil-U.S.A.) e do traballo aportado por este espazo.

- 5) [A televisión] rebaixa as elites, eleva a cultura popular. Efectivamente, o programa televisivo constitúese para un auditorio grande (menos cultivado, entón) mais para ese auditorio grande é cultura (aprendizaxe da vida en común, aprendizaxe do que todo o mundo debe saber [ *note juste* ], aprendizaxe das mulleres guapas, dos vestidos bos, etc.). Para a elite burguesa: embrutecemento, mais voltamos atoparnos co movemento que nos países revolucionarios e subdesenvolvidos degrada ós intelectuais e eleva a cultura de masas.
- 6) Ó mesmo tempo, atopamos outra contradición: a cultura de masa será a burguesa, e isto quere dicir que a clase dominante atopa un medio novo para difundir-la súa propia ideoloxía, quere dicir, a xustificación ideolóxica da súa praxe)...A parte provoca a contradición apropiándose do todo (cultura univeral). Isto chámase “integrar a súa clase obreira”. Mais esta integración é falsa porque dá unha cultura de favorecidos a os homes que seguen a ser desfavorecidos. Dá o disfrute do luxo para a vista e non para a realidade vivida. Hai unha cultura obreira e campesiña á que se lle impide nacer ou desenvolverse. Contradición, entón, entre o universal e a división de clase. Porén, isto é máis fondo e máis definitivo. Sexa como for, ó mesmo tempo que o universal oculta a loita de unificación superficial, fai que se amose mellor a realidade da contradición (a cultura burguesa delátase cando os obreiros tornan ó traballo). Dito en poucas palabras; totlización falsa (totalización manipuladora); insubstancialidade dunha cultura burguesa adaptada ó pobo e verdadeira contradición encarnada por unha cultura que non ten relación coa verdade.

Proceso:

Praxe: produción de masas. O menos caro posible, entón xa: instrumento cultural popularizado. Hai dous xeitos lóxicos de concibi-la televisión: ou difusión total e cultura popular (Castro) ou, nunha sociedade capitalista, órgano de difusión restrinxida dunha cultura burguesa non vulgarizada. Sexa como for, a segunda maneira é imposible polo mesmo feito da difusión necesaria dos aparellos. A industria impón, logo, a súa cultura. Produción de masa capitalista=cultura burguesa masificada. Mediación de pequeno burgués arribista. É ela, ó cabo, a que crea a súa cultura: cultura burguesa empobrecida e masificada). Nunha palabra: o práctico inerte da produción (as máquinas esixen mercado) mantén o práctico-inerte cultural. É a mesma necesidade de producir un millón de aparellos o que fai que se produza unha cultura. No caso de Castro é o contrario: intensifícase a produción atendendo á cultura. Práctico-inerte interior. En principio, pode desviar-lo proceso, mais non pode dirixilo.

2) Sexa como for, a produción de masas crea os mass media. Entón, a propaganda de clase e o goberno non poden desentenderese deste proceso. Así, a produción crea un práctico-inerte: a tele máquina parlante e esta máquina parlante reclama, na situación presente, un capital de fala e esta fala é gubernamental e, tamén, ideoloxía de clase. Ela reclama a súa fala e a súa institucionalización. É a máquina a que reclama a súa unidade. Entón: ou directamente o estado ou os seus aparellos privados intercambiábeles. A competencia non os diferencia. Naturalmente, hai eventualidades, os máis dos directores de escena ós que molestou o MacCarthysmo estiveran en televisión. Un pouco máis radical, logo. En todo caso, ben entendido, moi pouquiño.

Contrariamente, o público vese condicionado por esixencias. Esixencias seriais: escándalos: precaucións da tele. Novas esixencias: aparición do espectáculo na súa casa. Idea de propiedade (práctico-inerte interior): calquera pode entrar na miña casa para me insultar. E: paguei. En todo caso, as esixencias son diversas: confesionais (católicas, xudeas, protestantes), relixiosas en xeral, clases, opinións. En definitiva: trátase de unificar. Política unificadora: propaganda ideolóxica mais que non diga ren; a unidade é negativa e consecuentemente serial. Dici-lo que lles gusta a todos. Mais non hai nada que lles guste a todos. Entón, non se di nada.

A partir disto, hai un pensamento sobre a tele: unha conducta da tele, etc., que pertencen ó práctico inerte. É simultaneamente condicionamento exterior e palabras que carecen de sentido.

Unificación pola máquina:

- 1) A máquina é unidade.
- 2) A máquina é sintética: introduce nela significacións diversas que se interpretan (goberno, mass media, etc.).
- 3) Non hai coma ela. Sempre é a mesma. Ponse tele (a competencia entre distintas canles, a diferenza entre aparellos, son practicamente negligibles na perspectiva que nos ocupa).
- 4) Sendo inerte, está unificada polo serial.
- 5) Sempre, en inmanencia, as relacións de serie non son seriais e as modificacións aprécianse (ou recíbense) en reciprocidade. Vén sendo isto a praxe de que cadaquén interiorice o campo práctico. A partir disto, a serie é determinación sintética, dialéctica do campo, sendo á vez unha inercia subtraída (ou selada). Dito doutro xeito: a serie ten unha dobre constitución. É inerte en tanto que é multiplicidade subtraída pola identidade, e é activa a distancia en tanto que é parte de todo; non é, neste senso, nin totalidade nin totalización. A serie enteira, considerada a xeito de conxunto transfinito, é unha determinación do campo práctico e, en canto tal, é parte do todo, encarnación do todo, retotalización do todo. En inmanencia, e considerada por un observador externo a partir do campo común, o home da serie intégrase á unidade do campo a xeito de observador externo.

Exemplo de unificación:

A clase burguesa ameaza á nobreza,  
isto transforma o seu estado de feito en estado de dereito,  
os servos e os campesións constitúense súbitamente en clase.

Faise todo a distancia. Porén, por riba de todo, para os servos, deuse a desintegración dun lugar servil pero humano e a construción dunha unidade que aínda é serial.

Toda a cuestión é que a totalización é sempre indirecta, faise pola opus operata (“materia traballada”) e coa mediación dos homes. Como o campo práctico é unha unidade subtraída, o home devolve esa unidade subtraída ós outros homes. Dito en poucas palabras: a materia unida polo intermediario do home.